



Norberto Fernández

O BÁCULO DE DAGHDHA



Edicións Eixo Atlántico

O Báculo de Daghda





Norberto Fernández


Editor: Xoán Vázquez Mao
Editorial: Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular
Autor: Norberto Fernández
Revisión e corrección galego: Vanesa Vázquez
Impresión: Tórculo Artes Gráficas, S.L.

ISBN:

Versión imprenta: 978-989-99900-0-5

Versión dixital: 978-989-99900-1-2





LISBOA.



BARRIO DE ALFAMA.



HOLA, JOÃO...ESTÁ ADÃO NA COVA DO PROFESOR?

FLAVIA?...SI, SI...
PERO...



PROFESORA
FAULKNER!



...???...COMO É QUE
ESTÁ AQUI? NON
ESTABA DANDO
UN CICLO DE
CONFERENCIAS NA
U.Q.A.M.?
(UNIVERSITÉ DE
QUEBEC À
MONTREAL)



CANCELEINO
E COLLÍN
O PRIMEIRO AVIÓN...
SEI QUE O PROFESOR
ESTÁ A CORRER UN
GRAVE PERIGO...
QUE PASOU, ADÃO?



...???...PERO ISO É INFORMACIÓN
RESERVADA...COMO É QUE VOSTEDE...?

TOMARAME POR
TOLA...PERO VIÑO
NUN SONO.



NUN SONO?...P...PERO
ENTÓN O PROFESOR TIÑA RAZÓN...
AI DEUS...AI DEUS...

?



SENTE, POR FAVOR...
TEÑO ALGO QUE CONTARLLE.



NON TOQUE NADA, POR FAVOR...
MOITOS DOCUMENTOS SON
ORIXINAIS DUN VALOR INCALCULÁBEL.



DAGHDHA, UN DOS TUATHA
DE DANNAN, ERA O DEUS
PRINCIPAL DA MITOLOXIA
IRLANDESA.

TIÑA UN BÁCULO QUE
CUN EXTREMO PODIA
MATAR NOVE HOMES DUN
GOLPE E CO OUTRO VOLVER
A VIDA AOS MORTOS.
TAMÉN POSUÍA UNHA ARPA
COA QUE CONTROLABA
AS ESTACIONS E UN
CALDEIRO SEN FONDO
COA CAPACIDADE DE
ALIMENTAR A TODOS
OS HOMES DA
TERRA.




COÑECE BARCELOS E A SÚA LENDA?




COÑECE O MITO DE DAGHDHA?



POR SUPOSTO, E
QUEN NON?



BARCELOS RECIBIU OS SEUS FOROS DE MAN DO REI
ALFONSO I DE PORTUGAL EN 1440. A CIDADE TEN UN DOS
SÍMBOLOS MÁIS DISTINTIVOS DE PORTUGAL, O GALO DE
BARCELOS, PROTAGONISTA DA MÍTICA LENDA DO MESMO
NOME.



A PIQUES DE SER AFORCADO BAIXO ACUSACIÓN DE ROUBAR A UN TERRATENENTE, O
PEREGRINO XUROU QUE COMO PROBA DA SÚA INOCENCIA O GALO QUE O XIUIZ ESTABA
A XANTAR LEVANTARÍASE E CANTARÍA PARA EVITAR A SÚA MORTE. EFECTIVAMENTE,
O GALO RESUCITOU E CANTOU COMO NUNCA. E BEN? PASEI O EXAME?




CON NOTA. O CASO É QUE O PROFESOR
ATOPOU OUTRA VERSIÓN DA HISTORIA.



PERECE SER QUE O PEREGRINO LEVABA UN BÁCULO UN TANTO PARTICULAR...
UN BÁCULO MÁXICO...UN BÁCULO QUE BOTABA UN RAIO LUMINISCENTE POR AMBOS
EXTREMOS...O INFERIOR MATABA...O SUPERIOR DABA A VIDA.



PERO O XIUIZ, PENSANDO QUE AQUILO ERA COUSA DO DEMO,
QUIXO COLGALO IGUALMENTE...E O PEREGRINO, SUXEITANDO
O BÁCULO CON AMBAS MANS, PROXECTOU UNHA RAFAGA DE
ARDENTE LUZ POLOS OLLOS QUE DOBREGARON A VONTADE DO SEU
INIMIGO, OBRIGANDOO A POÑELO EN LIBERDADE.




BEN, HAI UNHA
VINCULACIÓN CO MITO
DE DAGHDHA, PERO ISTO
É HABITUAL...AS LENDAS
CRUZANSE E MESTURANSE
ORIXINANDO MÚLTIPLES
VARIACIONS.



CERTAMENTE...
PERO O ASUNTO
PICOU A
CURIOSIDADE DO
PROFESOR E
SEGUIU INVESTI-
GANDO...XA O
COÑECE VOSTEDE...

...E TRAS VARIOS MESES
DE ABRAIANTE TRABALLO,
ATOPOU ISTO...





É INAUDITO!...O ESTILO DIBUXÍSTICO PARECE RENACENTISTA, PERO OS CARACTERES CALIGRAFICOS SON MOITO MÁIS ANTIGOS... E OS ESQUEMAS MÉDICOS E TÉCNICOS MOITO MÁIS MODERNOS... QUE É ISTO?... UNHA FALSIFICACIÓN? DATÁRONLLO?



FIXÉMOLO...O DOCUMENTO É SEN NINGUNHA DÚBIDA DO 4.500 ANTES DE CRISTO.



QUE!?

TODA LENDA TEN ALGO DE VERDADE, EH?

UNHA TECNOLOXÍA PERDIDA CAPAZ DE PRODUCIR UN OBXECTO HOXE EN DIA INCONCIBIBEL.

O PROFESOR CRIA QUE O BÁCULO ERA UNHA BATERIA DE ENERXÍA CAPAZ DE EMITIR ONDAS LUMINICAS DE TAL XEITO QUE PODÍAN MATAR CORPOS VIVOS E ANIMAR CORPOS INERTES. E QUE EN CONTACTO CO CEREBRO HUMANO ACTIVARÍA AS ZONAS DURMINTES...TELEPATIA, TELEQUINESIS, SOMETEMENTO DAS VONTADES ALLEAS PENETRANDO NAS SUÁS MENTES... DÁSE VOSTEDE DE CONTA DAS IMPLICACIÓNS? O PODER DUN DEUS! OU DUN CIENTIFICO DO PASADO ADIANTADO A NOSA PROPIA ÉPOCA!



É FASCINANTE E ARREPIANTE AO MESMO TEMPO... HABERÍA QUE REESCRIBIR A HISTORIA ENTEIRA... PERO SÓ É UNHA TEORÍA...PURA ESPECULACIÓN.

AS TEORÍAS CONVÉRTENSE EN CIENCIA CANDO SE DEMOSTRAN...

O PROFESOR OBSESIONOUSE E BUSCOU O BÁCULO COMO POSUÍDO POR UNHA IRREFREÁBEL ANSIEDADE...E AO FINAL... **ATOPOLINO!**

C-COMO?... NON O PODO CRER... ACASO VIU VOSTEDE O ARTEFACTO?

EUI NON...PERO COMO SE NON PUÍDO MANDARLE UNHA MENSAXE NUN SONO? TIVO QUE USAR O BÁCULO...NON HAI OUTRA EXPLICACIÓN PLAUSÍBEL!

MALDITA SEXA...E EU QUE O TOMEI POR UN VELLO TOLO...AGORA TODO TEN SENTIDO, TODO ENCAIXA COMO AS PEZAS DUN ASTROLABIO MEDIEVAL...AXIÑA, FLAVIA... NON TEMOS UN SÓ SEGUNDO QUE PERDER!

ONDE IMOS?... ADÁO, TI SABES ONDE ESTÁ O PROFESOR DO MUÍNO?

NON...PERO EL DIXOME ANTES DE EMPRENDER A SÚA BUSCA QUE SE NON TIÑA NOTICIAS SUÁS...

...BUSCARA NO CASTELO.





CASTELO DE SAN JORGE.



O PROFESOR DESCOBRIU UNHA RUTA ENCRIPADA SEGUINDO O CAMIÑO DE SANTIAGO PORTUGUÉS E DEIXOU UNHA SERIE DE PISTAS CONECTADAS PRA LLE SEGUIR O RASTRO SE ALGO LLE PASABA. OIÚ FALAR DOS FOMORIÁNS?

ERAN OS DEUSES CELTAS DA MORTE E DO OCULTO. PODÍAN TER UN SÓ OLLO OU CABEZA DE ANIMAL... OU COMO ELATHA, SER LOIROS E FERMOSES.



HOXE EN DÍA HAI UNHA SOCIEDADE SEGREDA CON ESE NOME QUE TRAFICA NO MERCADO NEGRO CON PEZAS DE ARTE ROUBADAS.



ESTÁ VOSTEDE MOI DOCUMENTADA. GÚSTAME LER.



SÓ ATOPANDO O BÁCULO ANTES QUE ELES PODEREMOS UTILIZALO PARA SALVAR O PROFESOR.



E QUE É O QUE BUSCAMOS?

NON SEI...ALGO FÓRA DE LUGAR...ALGO QUE NON DEBERÍA ESTAR AQUI...



PODERÍA SER MÁIS EXPLÍCITO?

AINDA QUE QUIXERA NON PODERÍA...AO PROFESOR ENCANTABANLLE ESTE TIPO DE XOGOS.

XA...COMO BUSCAR UNHA AGULLA NUN PALLEIRO.



VARIAS HORAS DESPOIS...

LEVAMOS AQUI TODO O DÍA E NADA...O PROFESOR DO MUÍÑO SABE AGOCHAR PISTAS COMA NINGUÉN.



FIXATE, GWENDOLYNE, QUE FLOR MÁIS CURIOSA...NUNCA VIRA NINGUNHA PARECIDA POR ESTES LARES.

BOTAREILLE UNHA FOTO.



ADÃO...AQUI TEMOS ALGO QUE NON DEBERÍA ESTAR...UNHA FLOR POSTA ADREDE.



É UNHA FLOR DUNHA ÁRBORE CHAMADA "PALO BORRACHO", PROPIA DA SELVA SUBTROPICAL DE SUDAMÉRICA...O SEU NOME CIENTÍFICO É...



...NON PODO CRELO... HA,HA,HA... "CEIBA SPECIOSA"... HA,HA,HA...ESTE DO MUÍÑO...HA,HA,HA...



ÍMONOS A COIMBRA... ALI ESTÁ A SEGUINTE PISTA...


P-PERO ONDE?

...NA CATEDRAL...



...NA PORTA ESPECIOSA.

COIMBRA.



FLAVIA...
TI CRES QUE
ESTAMOS EN
GRAVE PERIGO?...
ULTIMAMENTE TENHO
A IMPRESSÃO DE
QUE NOS SEGUEN...

CONCENTRATE
NA PORTA, ADÃO...
DIME TODO O QUE
SAIBAS DELA A VER
SE DISCORREMOS
ALGO...

VEXAMOS...

NOS NICHOS LATERAIS
TEMOS A SAN JOÃO
BAPTISTA...

...E AO PROFETA
ISAÍAS.

...FOI CONSTRUÍDA
POR JOÃO DE RUÃO
E NICOLAU
CHANTERENNE NO
SÉCULO XVI...

...ESTILO
RENACENTISTA...
DESEÑO
SIMÉTRICO...

UN MOMENTO...SABIÁS
QUE O PROFETA ISAÍAS
MORREU ASERRADO POLA
METADE?

EHF...NON
CERERÁS QUE O
PROFESOR...

QUE MELLOR SITIO PARA AGOCHAR
ALGO QUE DENTRO DUN CORPO?

VAIA, VAIA...HAI UNHA
FALSA FIBELA QUE NON
DEBERÍA ESTAR AQUI...O
PROFETA CENIA A SÚA
TÚNICA CUNHA CINTA...
...E A TEXTURA NON
CORRESPONDE
COA DA PEDRA
ORIXINAL.

UAU!...
TAMÉN
PRACTICAS O
PARKOUR?...
ESTÁS
CHEA DE
SORPRESAS!

XA
CEDE...


MMM...LEVA ALGO
PEGADO POLA CARA
INTERNA...

ALTO!
A POLICÍA!

O Porta. Ponte
San Luis.
(Levar
Panamá).
23-6
14:00



O PORTO.



MMM...SUBLIME.

SABIADES QUE O VIÑO DO PORTO NACEU COMO PRODUTO DA ADICIÓN DE ALGARDENTE AO VIÑO CANDO ESTÁ EN PROCESO DE FERMENTACIÓN? ASÍ CONSEGUIASE A ESTABILIZACIÓN DO VIÑO PARA QUE CHEGASE A AMÉRICA EN PERFECTAS CONDICIÓN.

SUPONO QUE TEREDES LINHA CHEA DE PREGUNTAS. BEN, NON FAGADES NINGUNHA ATA QUE REMATE DE FALAR. NON EMPEZEI A TOMARME EN SERIO O MITO DO BÁCULO DE DAGHDHA ATA QUE RECIBÍN UNHA CHAMADA...



ERA "OLLO DE CRISTAL" COWDEN, UN VENDEADOR DE PEZAS DE ARTE DE TIPO ATÍPICO E QUE NON SEMPRE ACTÚA DENTRO DA ESTRITA LEGALIDADE...DIXOME QUE TIÑA UN FRAGMENTO DO MÍTICO BÁCULO...QUEDAMOS NA SÚA OFICINA EN LISBOA ESA MESMA TARDE.


CANDO CHEGUEI ESTABA MORTO...APUNALÁRONO LINHAS DOCE VECES...DEBO RECOÑECER QUE A COUSA COMEZABA A TOMAR UN CERTO CARIZ PREOCUPANTE.

PERO EU CONEÇÍA O TRUÇO DE COWDEN PARA OCLTAR OS SEUS SEGREDOS.



NO OLLO HABÍA UNHA PEQUENA BOLA CUN CABLE DE MATERIAL DESCOÑECIDO E UN MICROCHIP.


PROBEI A BÓLA NUN ARCAICO XERADOR E AÍNDÁ QUE A SÚA ENERXÍA ERA MOI ESCASA, PEQUENOS MILAGRES COMEZABAN A SUCCEDER.



O MICROCHIP CONTIÑA UN MAPA FIRMADO POR TEÓPHILE SEYRING, O CONSTRUTOR DA PONTE DE SAN LUIS DO PORTO EN 1886, COA SUPOSTA UBICACIÓN DO BÁCULO.

EMPRENDÍN A BUSCA DO ARTEFACTO CUNHA FEBRIL EMOCIÓN...PERO UNS DÍAS DESPOIS OS FOMORIANS INTERCEPTÁRONME E METÉRONME CARGADO DE CADEAS NUN CHEIRENTO CALABOZO.

PERO ESTE TIPO DE XENTE SEMPRE COMETE O MESMO ERRO. NON PODEN CONCIBIR QUE UN PROFESOR UNIVERSITARIO QUE DÁ CONFERENCIAS E PASA A VIDA ENTRE LIBROS E RUÍNAS POIDA SABER LOITAR CON ESPECTACULAR DESTREZA E PRECISIÓN...CANDO ME QUITARON AS CADEAS COMO CADA DÍA PARA PROCEDER AO MEU ASEO PERSOAL, TUMBEI O MEU GARDA CUN ATAQUE GRECORROMÁN E FUXÍN... CAMAREIRO, PÓDEME TRAER OUTRA COPA DE VIÑO, POR FAVOR?





PERO PROFESOR... ATOPOU O BÁCULO?

CLARO QUE NON! SE O FIXESE SERÍA RICO E FAMOSO!

ENTÓN COMO PUIDO ENVIARME A MENSAXE NO SONO? PENSABA QUE FOI GRAZAS AO BÁCULO.



JE,JE...LEVABA COMIGO A PEZA DE "OLLO DE CRISTAL" CONDÉN EN FORMA DE ORNAMENTO NA ORELLA.



ESTANDO PRESO ACTIVEINA CUN DISPOSITIVO INSERIDO NO PENDENTE E PROXECTEI CARA A TI A MIÑA MENSAXE MEDIANTE ONDAS CEREBRAIS...COMO UN TELÉFONO MÓBIL HUMANO. A VERDADE É QUE XAMÁIS PENSEI QUE PUÍDESE FUNCIONAR.



E AQUÍ ESTÁS, FLAVIA...CONTRA TODO PROGNÓSTICO ESCOITACHES A MIÑA CHAMADA.

O SEU VIÑO, CABALEIRO...MESMA COLLEITA, MESMA DENOMINACIÓN.

MOITAS GRAZAS, SEÑOR CAMAREIRO. EXCELENTE SERVIZO.

É... É TOTAL E ABSOLUTAMENTE INCRÍBEL!



O MAPA PODERÍA SER AUTÉNTICO... PARECE SER QUE SEYRING FRECUENTABA OS CÍRCULOS ESOTÉRICOS DA ÉPOCA.

EXACTO, EU MESMO COMPROBEINO.



O MAPA MARCA UNHA SERIE DE CIDADES DO CAMIÑO DE SANTIAGO PORTUGUÉS CUNHA ADIVINA EN CADA LINHA PARA LOCALIZAR O LUGAR EXACTO, E UNHA CLAVE NUMÉRICA COMO A QUE UTILIZABAN OS MESTRES MASÓNS PARA MARCAR AS PEDRAS, CO FIN DE DAR A COÑECER O AGOCHO DUN OBXECTO DETERMINADO.




CADA OBXECTO É LINHA DAS PEZAS QUE FORMAN UN CREBACABEZAS A APLICAR EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, E CUXA CORRECTA RESOLUCIÓN LEVARÍA AO INTERESADO A ATOPAR POR FIN O AUTÉNTICO BÁCULO DO DEUS DAGHDHA. SÓ HAI UN PROBLEMA...O MAPA ESTÁ INCOMPLETO.

COMO?



FÁLTALLE A METADE...HAI UNS DÍAS RECIBIN UNHA ESTRANA MENSAXE. SEN DESVELAR A SÚA IDENTIDADE, ALGUÉN ME CITABA NA PONTE DE SAN LUIS PARA COMPARTIR INFORMACIÓN SOBRE O PARADEIRO DO BÁCULO. NON TEÑO NIN IDEA DE QUEEN PODERÍA SER, PERO ÁS VECES HAI QUE CORRER CERTOS RISCOS.



UN MOMENTO, PODERÍA SER UNHA TRAMPA DOS FOMORIÁNS!

NON O CREO PROBABLE... OS FOMORIÁNS NON TE CITAN A PLENA LUZ DO DÍA.



EXACTO, E SE ASÍ FOSE NINGUÉN DIXO QUE FORA FÁCIL... AGORA QUE ESTAMOS OS TRES XUNTOS A BUSCA SERÁ MAÍS AXIL E ATOPAREMOS O TESOURO ANTES QUE OS NOSOS INIMIGOS...

CAMAREIRO! OUTRA COPA DE PORTO, POR FAVOR!



MAÑÁ É O DÍA INDICADO PARA O MISTERIOSO ENCONTRO...ACUDIREI Á PONTE APARENTEMENTE SÓ E VÓS VIXIAREDES DESDE ALGUN PUNTO DE OBSERVACIÓN AVANZADO.



É UNHA TAREFA IMPOSIBLE...AÍNDA QUE RESOLVÉSEMOS AS ADIVINANZAS IDENTIFICAR AS PEDRAS LEVARÍANOS MESES.



AS PEDRAS DÉIXALLAS A FLAVIA, RAPAZ.



E COMO FOI QUE DEU CON NÓS?

SABÍA QUE SEGUINDO AS MINAS PISTAS TERÍADES QUE VIAXAR POR ESA ESTRADA...ESPEREI NUN PUNTO CONCRETO E SEGUINVO...CAMAREIRO, VÉN OU NON VÉN ESA COPA?

UNHA MENSAXE AQUI?...QUE RARO...



BEN, PODO IDENTIFICAR SEN ERRO E AO MOMENTO A UBICACIÓN DE TODAS ESAS PEDRAS PORQUE LEVO TODA A MIÑA VIDA ESTUDANDO O TEMA... TAMPOUCO TEN NADA DE ESPECIAL.



Non sabedes con quen xogades....pronto o profesor deixará de existir.

Escribir mensaxe.

13:24



É UNHA AMEAZA DOS FOMORIÁNS... TEMOS QUE ANDAR CON MOITO OLLO. AGORA QUE VOSTEDE FUXIU DEBEN ESTAR RABIOSOS.



...PROFESOR!!!



ENVELENADO. PERO NON SABEMOS CON QUE. SEN UN ANTIDOTO O DESENLACE FATAL PODE SUCCEDER EN CALQUERA MOMENTO.



MISERABLES! DEIXARON FUXIR PARA QUE O VISEMOS MORRER!



SEN DÚBIDA ELES TEÑEN O ANTIDOTO E QUERRÁN NEGOCIAR CON EL. TEREMOS QUE ESPERAR PERO O TEMPO ESGÓTASENOS. SÓ SI ATOPAMOS PRONTO O BACULO PODEREMOS SALVAR A VIDA DO PROFESOR.



PONTE DE SAN LUIS.

E ESE SOMBREIRO?

É O MODELO PANAMÁ QUE MENCIONABA A NOTA PARA NOS RECONECER... COMO O DE INDIANA JONES...



INDIANA JONES?...O DOUTOR JONES LEVABA UN MODELO "FEDORA", PERO É IGUAL...



...O PRIORITARIO É SALVAR A VIDA DO PROFESSOR...



...AÍNDA QUE ESAS MÁSCARAS ABERRANTES ME PROVOQUEN PESADELOS.



PERDOE...PARA CHEGAR Á RÚA SANTA CATARINA?

SI, CLARO...



...COLLA POR... OUCH!

?!?



FLAV...OUCH!



TRES HORAS E DEZ MINUTOS DESPOIS...

...OUCH...



?



FLAVIA, TRAIORA! ESTÁS COMPINCHADA COS FOMORIÁNS! NON O PODO CRER!



AMODIÑO, ADÃO, ESTAS SON SOPHIE E JULIE ... SOPHIE E JULIE SEYRING!



SEYRING? COMO O CONSTRUTOR DA PONTE DE SAN LUIS? O AUTOR DO MAPA?



MAIS OUI, TEÓPHILE SEYRING ERA...

...O NOSO TATARAVÓ.



TEMOS A PARTE DO MAPA QUE VOS FALTA. XA EMPEZAMOS...




...A ATOPAR COUSAS. UNHA SOTA DE ESPADAS DO SÉCULO XIV.



EH? UNHA SOTA?

FÍXATE BEN, ADÃO... XA TEMOS UNIDAS AS DÚAS PARTES DO MAPA...E VELAI O RESULTADO!



Santiago de Compostela

Océano Atlántico

Monforte de Lemos: "Onde dorme aquel que lle queimaron os miolos".

Pontevedra: "Nos restos dos dominicos".

Vigo: "Onde morreu María e o marqués a chorou".

O Barco de Valdeorras: "Desde onde vixiaba o que ben loitou en Granada".

Verín: "No castro de Barónceli".

Bragança

Chaves: "Onde o romano citou os pobos da Gallaecia".

Braga: "Onde bebían os brácaros na presenza dun deus".

Barcelos

Guimarães: "Onde construíu Dionisio cerca de onde o fixo Afonso".

Porto

Matosinhos: "Onde está aquel quen atento vixia abaixo e arriba".

Santa María da Feira: "No principal punto defensivo".

Coimbra

T. Seyring.-



E COMO DESTES CO PROFESOR? QUE GANADES CON TODO ISTO, SEQUESTRADORAS? QUERDES O BÁCULO PARA VÓS, EH?

"OLLO DE CRISTAL" COWDEN ÍA VENDER NOS A OUTRA PARTE DO MAPA...

...CANDO CAMBIOU DE IDEA FOMOS FACERLLE UNHA VISITA...


...E AO ATOPALO MORTO INVESTIGAMOS O SEU MÓBIL...E QUE NON QUEREMOS QUE O BÁCULO CAIA NAS MANS DOS FOMORIÁNS.

ESTÁN DO NOSO LADO, SE NON NON COMPARTIRIAN O MAPA. TEMOS QUE ORGANIZARNOS!




HAI TRES RUTAS A SEGUIR...EU IREI POLO CAMIÑO DA COSTA E SOPHIE E JULIE POLO DE BRAGA. TI, ADÃO, IRÁS POLO CAMIÑO INTERIOR DESDE CHAVES. XUNTAREIME CON ELAS EN TUI E VERÉMONOS TODOS EN SANTIAGO. ALGUNA PREGUNTA? NON? POIS EN MARCHA!


E MENTRES O PROFESOR AGONIZA SEN POSIBILIDADE COÑECIDA DE SALVACIÓN, OS PARTICIPANTES DESTA XOGA MORTAL INICIAN UNHA FRENÉTICA CARREIRA CONTRA RELOXO CARA A UNHA META CASE IMPOSIBLE DE ALCANZAR.




MATOSINHOS.
"Onde está aquel quen atento vixía abaixo e arriba".






GUIMARÃES.
"Onde construíu Dionisio, cerca de onde o fixo Alfonso".



CHAVES.
"Onde o romano citou aos pobos da Gallaecia".





VILA DO CONDE.

"Onde loce a Manuelina".




MANUELINA: TIPO DE ORNAMENTACIÓN NA IGREXA MATRIZ DE AZURARA.



VERÍN.

"No castro de Baroncefi".




BARONCELI: ANTIGO NOME DA ACTUAL UBICACIÓN DO CASTELO DE MONTERREI.



BRAGA.

"Onde bebían os brácaros na presenza dun deus".



CANDO O EMPERADOR AUGUSTO FUNDOU A CIDADE, XA ERA A CAPITAL DA TRIBO CELTA DOS BRÁCARI...

...DE AÍ O SEU NOME, BRÁCARA AUGUSTA...BEN, E ONDE BEBÍAN ESTES GUERREIROS?



NON TENO NIN A MÁIS REMOTA IDEA... PRECISAMOS MÁIS FONTES DE INFORMACIÓN...


ISO É!

PERDOADE SE ESCOITEI A VOSA CONVERSA, PERO PODO AXUDAR...FONTES... FONTES ROMANAS...ALÍ BEBÍAN OS BRÁCAROS...



...E NESTA CIDADE TEMOS LINHA CHEA DE FONTES PARA ELIXIR... CON DEUSES INCLUIDOS.





VIANA DO CASTELO.
PRAZA DO EIXO ATLÁNTICO.

"No agradecemento
por recuperar a vista".

QUE SIGNIFICA ISTO?...
POR ONDE EMPEZAR?...
EN FIN, VISITAREI OS
MONUMENTOS DA ZONA A VER
SE DISCORRO ALGO.



PERDOE...PODERÍA
INDICARME COMO CHEGAR
AO SANTUARIO DE SANTA LUZIA?


POR
SUPOSTO...

E APROVEITE PARA PRESENTAR
OS SEUS RESPECTOS A
SANTA...ASÍ MELLORARÁ
A SÚA VISTA.

CLARO!...ISO É!




TEMPLO MONUMENTO DE SANTA LUZIA.




LUIS ANDRADE CONSTRUIU
ESTE SANTUARIO EN 1904
COMO AGRADECIMENTO A
SANTA LUZIA POR FACERLLE
RECUPERAR A VISTA...

...NON HAI
DÚBIDA.



BARCO DE VALDEORRAS.





MAÍS MENCIA?

SI, GRAZAS.

"Desde onde vixiaba o que ben loitou en Granada".
...ALGUNHA IDEA?

MMM...TEN QUE SER UN GUERREIRO DA RECONQUISTA ESPANOLA...E TIVEMOS ALGUNS POR AQUÍ.



TORRE DO CASTRO.



...OS MESMÍSIMOS REIS CATÓLICOS PREMIARON O DUQUE DE RIBADAVIA CON ESTES TERRITORIOS POLO SEU VALOR NO COMBATE NA TOMA DE GRANADA.



VAIA...E TIVERA ALGÚN LUGAR ESPECIALMENTE ADECUADO PARA VIXIAR?

SI, O TIVERA... IMOS, LEVAREITE ATA ALÍ.



NON NOTADES O OLOR A OURO? POR AQUÍ PASABA O OURO DAS MÉDULAS, A MAIOR EXPLOTACIÓN AURÍFERA DO IMPERIO ROMANO.

OLOR A OURO?... XA ME GUSTARÍA... E OES...GRAZAS POLA TÚA AXUDA E ABSOLUTA DISCRECIÓN, NO NOME DO PROFESOR.




E BEN? QUE TEMOS?

NON PODO CRER O QUE HAI DENTRO... É INAUDITO... INCOMPRESIBEL...



...SON DETRITUS... EXCREMENTOS...EXCREMENTOS FOSILIZADOS.



TUI.



XA ERA HORA!


MAÍS VALE TARDE...

...QUE NON VIR.



POIS HAI QUE BULIR! QUEDAN TRES OBOXECTOS E RESOLVER O ENIGMA EN SANTIAGO... OÙ O PROFESOR MORRERÁ SEN REMEDIO... ALLONS-Y, RAPAZAS!

ILLAS CÍES.



VIGO.



PAZO-MUSEO
QUINONES DE LEÓN.



"Onde morreu
María e o marqués
a chorou".

MARQUÉS TAMÉN CHAMADO
QUINONES DE LEÓN...ESTA ERA
A SÚA CASA E ESTE O LUGAR
MARCADO, PERO...

...PERO?

DONA MARÍA
DOS MILAGRES
ELDIAYEN, OITAVA
MARQUESA DE
VALADARES MORREU
MOI NOVA E O SEU
MARIDO, O MARQUÉS
DE ALCEDO,
CHOROLINA O RESTO
DA SÚA VIDA.

...NON HAI NADA!...NON O
ENTENDO...ESTE É SEN DÚBIDA O
LUGAR...E NON HAI NADA...
NADA DE NADA...!

...NADA?



MONFORTE DE LEMOS.

"Onde dorme aquel que lle queimaron os miolos".



MOSTEIRO DE SAN VICENTE DO PINO.

AQUÍ É...
A TUMBA DO
ABADE DON DIEGO
GARCÍA III,
A QUEN LLE
PUXERON LINHA
COROA
INCANDESCENTE
NA CABEZA...



...POR ACHEGARSE
ÁS HABITACIÓNS DA MULLER
DO CONDE DE LEMOS MEDIANTE
UNS PASADIZOS SEGREDOS
E DEITARSE CON ELA EN
REPETIDAS OCASIÓNS...
VAIA PEZAS ESTES CLÉRIGOS
DO SÉCULO XIV, HE, HE.

CADA VEZ AS PEZAS SON
MAÍS RARAS... ISTO NON HAI
QUEN O ENTENDA...



PERO QUE É ISTO? QUEDAMOS EN QUE
NON FARIÁDES NADA ATÉ O MEU AVISO...NINGÚN
ATAQUE...E QUE NINGUÉN SAIRÍA FERIDO!




LINHA FACCIÓN
RADICAL DENTRO DA
ORDE DECIDIU IR POLA
SÚA CONTA E NON
ACATAR OS PLANS
PREVISTOS.



AS TÚAS AMIGAS VAN SER ASASINADAS.







... "NE ME QUITTE PAS... IL FAUT OUBLIER... QUI S'ENFUIT DÉJÀ... OUBLIER LE TEMPS..."

ESTE LUGAR É PERFECTO... E A ESCRURIDADE DA NOITE FARÁ O RESTO.



PROXECTOR LISTO.

PANTALLA PREPARADA.



AAAAAAAAAAH...



O GRITO VIÑA DE AÍ! TRAS ESSES ARBUSTOS!

SI... VEXO MOVEMENTO... XA SON NOSAS!



???!!!...



A INFORMACIÓN ERA CORRECTA, PERO... PODERÍA SER QUE BUSCÁRAMOS NO EDIFICIO EQUIVOCADO?... E SE OS DATOS NON FORAN SOBRE O PAZO GRANDE... SENÓN O PEQUENO?... A REPRODUCCIÓN A ESCALA PARA DECORAR ESTE FERMOSEO ESTANQUE?



P... PERO... ??????... MALDITA SEXA!... AQUÍ TAMPOLCO HAI NADA...



A VIOLENCIA COS ANIMAIS É ALGO INACEPTÁBEL E TEMENDO UNHA REACCIÓN ARISCA POR PARTE DO PARRULO SE INTENTASE ARREBATARLLE A PEZA, FLAVIA EMPREGA TÉCNICAS DE LINGUAXE CORPORAL AVANZADA PARA OBTEN O OBJECTO PACIFICAMENTE.



FLAVIA?...XA ESTAMOS FORA...OS FOMORIÁNS FUXIRON... XA CHE CONTAREI...

TES A PEZA?...BEN, XA ME CONTARÁS... VÉMONOS NO PLUNTO DE ENCONTRO.



ENGANADOS POR UNHA VULGAR REPRESENTACIÓN! MALDITOS COVARDES SUPERSTICIOSOS!



...M...MESTRE ELATHA... NON...NON, POR FAVOR...



A SANTA COMPAÑA NON PERDOA, MESTRE CABRA, HE, HE, HE.



PONTEVEDRA.


"Entre os restos dos dominicos".



RUÍNAS DOMINICAS DE SANTO DOMINGO.



A ÚLTIMA PEZA,
POR FIN!
XA TEMOS O
CREBACABEZAS
COMPLETO!



SANTIAGO
DE
COMPOSTELA.





O SÍMBOLO DO LAUBURU GRAVADO NA PEDRA QUE ATOPEI EN VERÍN SIMBOLIZABA A LOITA LUZ-TEBRAS... E A ARPA DE DAGHDHA DICIÁSE QUE ERA TOCADA POLO VENTO... O TRIÁNGULO INVERTIDO É O SÍMBOLO ALQUÍMICO DA AUGA...

TEODOMIRO VIU UNHA ESTRELA POLSADA NUNHA ÁRBORE NO BOSQUE LIBREDÓN E FUNDOU COMPOSTELA...PERO ESTA PEDRA CUNHA ESPIRAL?...SANTIAGO ESTÁ CHEO DE PEDRAS.

A FIGURA DO XESÚS NENO TAMPOUCO AXUDA...NA CIDADE DO APOSTOLO DEBE HABER CENTOS... E AS CATRO CARTAS DA BARALLA MEDIEVAL...PODERÍA TRATARSE DALGÚN TIPO DE XOGO?

POR NON MENCIONAR O COFRE CON EXCREMENTOS HISTÓRICOS NO SEU INTERIOR... QUE CLASE DE TESOURO É ESE?...TODO ISTO PARECE UNHA ESPECIE DE BROMA...



POLO MENOS OS FOMORIANS NON ATACARON MÁIS VECES... E NON CREO QUE O FAGAN TRAS O FRACASO EN VIGO.

AO PROFESOR SÓ PODERÁ SALVALO UN MILAGRE.

TAL VEZ NON... QUIZÁIS FORAN UNHA FACCION DISIDENTE FÓRA DA ORDE... NON PARECE O SEU MODUS OPERANDI HABITUAL...

DISIDENTES? E QUE TE LEVA A PENSAR ISO, ADÁO?



EU NON ESTARÍA TAN SEGURA...PENSEI QUE QUERRIAN NEGOCIAR, PERO TRAS O DE VIGO É EVIDENTE QUE NON O FARÁN... E PRONTO VOLTARÁN A ATACAR.

EH...ESTUDEI EN PROFUNDIDADE AS LEIS E AS PAUTAS DE COMPORTAMENTO DA ORDE...E O ATAQUE QUE VOS FIXERON NON ENCAIXA...



ISTO... VOU PREPARAR CAFÉ... OOOOPS...

COIDADO!

A PEDRA!

EU... SÍNTOO...

ESTÁS MOL ALTERADO, ADÁO... DEBERÍAS DURMIR UN POUCO.

NECESITO AIRE... VOU PERCORRER SANTIAGO TODA A NOITE SE FAI FALLA BUSCANDO RESPÓSTAS... NON ME ESPERDES LEVANTADOS.

ESPERA... IMOS CONTIGO!

PREFIRO QUE NON...



...PENSO MELLOR SOA.




NO OUTRO DÍA...

ARRIBA
TODOS!



IGREXA DE SAN FRUCTUOSO.



TENO
LINHAS CANTAS
TEORÍAS.



A REPRESENTACIÓN DAS
VIRTUDES CARDENAIS,
PRUDENCIA, XUSTIZA,
FORTALEZA E TEM-
PLANZA, COÑECIDAS
POPULARMENTE COMO
"AS CATRO SOTAS".

¡MONOS XA...
TENO MÁIS
DESCUBRIMENTOS
QUE AMOSARVOS.



OS EXCREMENTOS HAN ALLUDIR Á GÁRGOLA
DEFECATOIRA DO HOSTAL DOS REIS CATÓLICOS
FEITA POLO ARQUITECTO PARA AMOLAR AO
ARZEBISPO...UN SENTIDO DO HUMOR
FRANCAMENTE DESTACABEL, HE,HE,HE.



O CASO DO MENIÑO É MOI INTRIGANTE...
NON LLE NOTADES NADA PECULIAR?...A SÚA CABEZA
É MOI GRANDE...AS MANS SEN TERMINAR...
ESTÁ COMO DENTRO DA MANDORLA DE
MADEIRA QUE O ALOXA...E O MÁIS CURIOSO
É A SÚA INCONFUNDIBEL POSICIÓN FETAL...PENSO QUE
REPRESENTA A UN XESÚS AÍND A NON NACIDO.




E ONDE TEMOS UN MESÍAS
NONNATO EN SANTIAGO?





IGREXA DE SALOMÉ.



OUTRA DAS PEZAS É UN TRIÁNGULO CUN PUNTO NO CENTRO. TRAS DARLLE MOITAS VOLTAS, CHEGUEI Á CONCLUSIÓN DE QUE ESTES TRES LUGARES, A IGREXA DAS CATRO SOTAS, A GÁRGOLA DO HOSTAL E A VIRXE ENCINTA DE SALOMÉ CONFORMAN ESE TRIÁNGULO E NO SEU PUNTO CENTRAL ESTÁ O QUE BUSCAMOS.



ESTA MARÍA PREÑADA É LINHA DAS ESCASÍSIMAS IMAXES DA VIRXE EN ESE ESTADO...IMOS TOMAR UN CAFÉ.



LIN PUNTO NO MEDIO DA CIDADE? CRES QUE O BÁCULO ESTÁ Á VISTA DE CALQUERA?



NON. A PEDRA QUE QUEBRACHES É UN MINERAL OCO...POR QUE MOTIVO PODERÍA SER?... VEÑA, PENSADE UN POUCO, RECOIRO!



OS CELTAS CRIÁN QUE O MUNDO ERA OCO...E NO SUBTERRÁNEO...

...VIVÍA TODO O MÁXICO.



EXACTO... MÁXICO COMO O BÁCULO DO DEUS DAGHDHA...AGOCHADO NALGÚN LUGAR DOS TÚNELES QUE PERCORREN A CIDADE DESDE TEMPOS INMEMORIAIS.



BEN...TEMOS UN PUNTO BAIXO TERRA NO CORAZÓN DE SANTIAGO... PERO COMO ACCEDER A EL? CAL É A ENTRADA?



AQUÍ ENTRAN OUTRAS DÚAS PEZAS...A ESTRELA E A ÁRBORE...CONTA A LENDA QUE TEODOMIRO VIU LINHA ESTRELA FLOTANDO SOBRE O BOSQUE LIBREDÓN E NESE MESMO LUGAR DESCUBRIU O SEPULCRO DO APÓSTOLO SANTIAGO.



E SEGUNDO OUTRO TIPO DE LENDAS...

...O SEPULCRO CO APÓSTOLO ESTÁ NA CATEDRAL.



MMM...BEN TRÁIDO, PERO ENTRAR NOS SEGREDOS DA CATEDRAL NON É COMO CHIMPAR LINHA CERCA...COMO FAREMOS PARA ENTRAR?



PERDEDE COIDADO... TENO UN BO AMIGO DENTRO.





AS CORRENTES DE AIRE DOS ORIFICIOS DA PEDRA FAN VIBRAR AS CORDAS DA ARPA DE DAGHDHA CREANDO UNHA MELODÍA DE ABERRANTE MELANCOLÍA QUE AÍND A DESCOLOCA MÁIS SE CABE OS NÓSOS PROTAGONISTAS.

PERO PARA QUE NOS SERVE ESTA MÚSICA? QUE NOS QUERE DICIR?



"SÓ CANDO COMECE A ARPA A SOAR, ATOPARÁS O FIN DO CAMIÑO."



NON...NON É POSIBLE... É UNHA LOUCURA...

QUE COUSA, FLAVIA?



PERO A REFERENCIA É DEMASIADO MODERNA... O BÁCULO NON PODE ESTAR AÍ!



AS ONDAS NA AUGA...LEMBRÁRONME A...MIRADE!



ET VOILÁ...SI PODE...IMOS CONTARVOS...


...O NOSO PEQUEÑO SEGREDO FAMILIAR.



TEÓPHILE SEYRING, O NOSO TATARAVO, ATOPOU O BÁCULO DE DAGHDHA, PERO DADA A SÚA PERIGOSIDADE DECIDIU VOLVELLO AGOCHAR LONXE DA AMBICIÓN HUMANA. E FIXO UN MAPA ENCRIPTADO PARA QUE TRAS A SÚA MORTE, O SEU PRIMEIRO FILLO O ATOPASE, DEMOSTRANDO ASÍ SER DIGNO DA SÚA CUSTODIA.



UNHA VEZ ATOPADO, DEBERÍA CAMBIALO DE LUGAR E FACER UN NOVO MAPA PARA A SÚA DESCENDENCIA...E ASÍ DE XERACIÓN EN XERACIÓN. O NOSO PAI FIXO ANTES DE MORRER O MAPA QUE TEMOS E COMO ERAMOS DÚAS, DIVIDILINO EN DÚAS METADES.



ENTÓN ISO FAREDES SE O ATOPAMOS? VOLVER AGOCHALO? PARA ISO TODO ESTE ESFORZO?


NIN FALAR DISO...O COSTUME DOS SEYRING ACABA CON NÓS...

...NON QUEREMOS IMPOÑER NINGUNHA RANCIA TRADICIÓN AOS NOSOS FILLOS.


MMM... SI, POR AÍ É...



TEMOS QUE SEGUIR ESE TÚNEL... É O QUE LEVA DIRECTAMENTE BAIXO A CIDADE DA CULTURA... AXIÑA! "TEMPUS FUGIT!"




A NOITE PÉCHASE SOBRE A CIDADE DA CULTURA.





OS FOMORIÁNS!
PERO COMO...???

AÍNDA QUE O
SOSPEITABA NON
O QUERÍA CRER...
ALGUÉN LLES TIVO
QUE AVISAR,
VERDADE, ADÁO?



SI, SON UN TRAIADOR MISERABLE...PERO
FÍXENO POLO PROFESOR E POR TODOS NÓS...
PARA QUE SEGUÍSEMO VIVOS...O MESTRE
ELATHA DÉUME O SEU XURAMENTO SAGRADO:
CANDO TIVERA O BÁCULO DARIAME O
ANTIDOTO PARA SALVAR AO PROFESOR
E DEIXARIANOS MARCHAR. XA TENEN O
SEU MALDITO XOGUETE! CUMpra O TRATO!
DÉAME O ANTIDOTO!



POR SUPOSTO QUE SI...O XURAMENTO
SAGRADO É INCUESTIONÁBEL...AQUÍ O TÉS...



NON!



P...PERO QUE FIXO, PORCO
NOXENTO?...O PROFESOR
ESTÁ CONDEADO...DÉUME
O SEU XURAMENTO...



...DÉUME O SEU XURAMEN...






DE VERDADE CRICHES O DA MENSAXE DO SOÑO? EU MESMO INDUCINTE A TELO TRAS ADMINISTRARCHE SUBSTANCIAS ALICICÓXENAS E FACENDO NO TEU DORMITORIO UNHA SEN PAR FUNCIÓN TEATRAL.

LOGO FÍXENME PASAR POR CATIVO DE MIN MESMO PARA TE PRESIONAR, SEMPRE POSUINDO AS CHAVES DAS MIÑAS PROPIAS CADEAS. NIN OS MEMBROS DA ORDE O SABÍAN. PERO TIVEN QUE SAÍR A SALVARVOS CANDO O FELÓN DO MESTRE CABRA DECIDIU ACTUAR POLA SÚA CONTA.

FINALMENTE, O MEU ENVELENAMENTO, TOTALMENTE REAL, AINDA QUE XA TOMEI O ANTÍDOTO HAI UN PAR DE DÍAS. SABÍA QUE FARIÁS O QUE FIXERA FALLA POLO TEU QUERIDO PROFESOR...ATOPARÍAS O BÁCULO CUSTARA O QUE CUSTARA...E SABÍA QUE ADOŀ TE TRAIÇIOARIA POLO MESMO MOTIVO: SALVARME A MIN.

...A-X-Ú-D-O-A-M-E-E-E...




PLANEIÑO TODO DENDE O PRINCIPIO... TIÑA AS PISTAS PERO NON DABA RESOLTO O ENIGMA...NECESITABA UNHA MENTE PRIVILEXIADA... TI, FLAVIA.



DENDE LOGO PÉRDENOS O AMOR... E COMO METICHES NO SOÑO A PERSONAXE VERDE? A QUE ME DEU A CLAVE DEFINITIVA?




PERO AGORA XA É MEU...O OBOXECTO MÁIS PODEROSO DA HISTORIA DO MUNDO COÑECIDO...A MANIPULACIÓN DA MENTE E DA MATERIA...O CONTROL ABSOLUTO...
O MEU DESTINO SAGRADO!!!



A PERSONAXE VERDE?...MMM... SERÍA UNHA FISURA ABSURDA DO TEU SUBCONSCIENTE INFANTIL, RAPACIÑA.



PERO HAI XENTE QUE ADEMAIS DAS ENSEINANZAS DOS SEUS MESTRES TAMÉN AS PROCURAN POLA SÚA CONTA. DOUTS PROFESORES UNIVERSITARIOS CAPACES DE PELEXAR CON ESPECTACULAR DESTREZA E PRECISIÓN DECIDIRÁN UN CONFLITO SEGREDO DE CUXO DESENLACE PODERÍA DEPENDER O TECIDO MESMO DA NOSA REALIDADE.




OS DESTINOS SAGRADOS COMPRE GAÑALOS. TI E MAIS EU. AMBOS SUXEITANDO O BÁCULO. SEI QUE Á TÚA DISPARATADA MANEIRA ES HOME DE HONOR. PODES ORDEAR AOS TEUS HOMES QUE ME MATEN...OU PODES DEMOSTRAR SER DIGNO DE ESTE TESOURO.




POIS CLARO...NON PODERÍA SER DOUTRA MANEIRA. EU ENSEINEICHE TODO O QUE SABES, MENIÑA... XAMAIS ME PODERÁS VENCER!








E CON ESTE APAGADO
ESTRONDO UN MÁIS DOS
LUGARES MÁXICOS
DO MUNDO
QUEDA SEPULTADO
PARA SEMPRE.





Norberto Fernández, nado en 1967 en Vigo, comezou a publicar tiras de prensa en periódicos locais como “Atlántico diario” e “Faro de Vigo” a finais dos anos 80 do pasado século. Posteriormente faríao en revistas de ámbito nacional como “El Víbora” (Ed. La Cúpula) o Eros Comix (Ed. Dolmen) alternando estes traballos coa súa colaboración na revista “Golfinho” coa obra “O Castelo regadeira” que tería continuidade no periódico “La Voz de Galicia” no que tamén faría unha “Historia da Coruña” en cómic. Coa editorial Kelidoscope publicou “Fábulas Benévolas” e con Dolme Editorial “Quattrocento”, “Erika” e “A lenda do cabaleiro”. A principios do ano 2000 comeza a publicar en EEUU como portadista en “Grimm Fairy Tales” (Ed. Zenescope), entintador en Exiles X-Men (Ed. Marvel Comics) e debuxante e colorista nas novelas gráficas “Tattered man” y “Retrovirus”, con guión de Jimmy Palmiotti e JustinGrey (Ed. Image Comics).



Debuxo: Adão Silva.



